DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 133 | Xoves, 14 de xullo de 2016 | Páx. 30352

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

*RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o programa Industrias do futuro 4.0 orientado a proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental estratéxicos centrados en tecnoloxías industriais innovadoras, e procédese á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN854A).*

A Constitución española, no seu artigo 44.2, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais establece, no artigo 149.1.15, que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado. Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.19 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Esta lei, no seu capítulo III, crea o Plan galego de investigación e innovación como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, atribuíndolle, no seu artigo 15.3, a consideración de plan estratéxico de subvencións, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, establece que a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes.

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), unha das condicións exante do programa operativo Feder Galicia (anexo 11 deste), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013, define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020 seleccionando as prioridades de investimento ao redor de tres retos e asociando a cada un deles unha serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

e principais programas de innovación nacionais e europeos, entre os que cabería destacar as respectivas axendas dixitais e o programa Horizonte 2020.

O segundo destes retos da RIS3 Galicia é conseguir un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e as tecnoloxías facilitadoras esenciais. Preténdese, desta forma, fomentar a innovación nos modelos produtivos dos principais sectores industriais galegos para conseguir unha mellora da súa produtividade de forma sustentable como garantía da súa competitividade a nivel internacional.

Orientados á implementación desta prioridade no marco da RIS3 defínense varios instrumentos de apoio agrupados dentro do programa «Innova en Galicia» que ten por obxectivo que o investimento público sexa un elemento tractor na mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos. Neste contexto sitúase este programa de axudas Industrias do futuro 4.0 que agora se convoca, un novo instrumento que ten por obxectivo o fomento de investimento privado a través da xeración de alianzas estratéxicas con empresas tractoras que co-invistan coa Administración no desenvolvemento de grandes proxectos de I+D orientados á renovación do modelo produtivo de Galicia para consolidar un crecemento intelixente e sustentable da economía galega. As características concretas do programa foron definidas desde unha perspectiva *bottom up* a partir das necesidades do tecido produtivo galego identificadas durante o propio proceso de descubrimento emprendedor da RIS3 Galicia e, posteriormente, completadas grazas a unha consulta específica da Axencia Galega de Innovación realizada a través dun anuncio previo de manifestacións de interese. Este anuncio previo, publicado no DOG o pasado 3 de marzo, e as súas posibles actualizacións posteriores teñen por obxecto coñecer as características dos potenciais proxectos dos operadores económicos interesados e dispoñer así de suficiente información para o deseño deste novo instrumento do cal esta será a súa primeira convocatoria. Este anuncio enmárcase no disposto no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, tal como se sinalaba nel, a participación nel non implica ningunha obrigación de financiamento por parte da Administración nin outorga ningún dereito nin preferencia respecto desta convocatoria, primeira dentro do programa, respectando desta forma os principios comunitarios de transparencia, igualdade de trato e non discriminación, sen restrinxir ou limitar a competencia, nin outorgar vantaxes ou dereitos exclusivos.

Como resultado deste proceso conxunto entre a Axencia Galega de Innovación e os diferentes *stakeholders* concluíuse que o programa Industrias do futuro 4.0, para ser eficaz e xerar impacto real, debería ser un programa orientado ao financiamento de grandes

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

proxectos integrados de I+D, estratéxicos a nivel de toda a Unión Europea e centrados no desenvolvemento de tecnoloxías industriais clave para conseguir un modelo produtivo innovador. Estes proxectos, individuais ou en cooperación, deberían ser desenvolvidos por empresas tractoras, capaces de liderar proxectos de innovación disruptiva cun efecto de arrastre ou fervenza de transformación do tecido industrial galego, constituído principalmente por pemes. A aposta por proxectos realmente innovadores, que se centren en actuacións de I+D, fai que contar coa colaboración efectiva de organismos de investigación no seu desenvolvemento sexa un aspecto clave para potenciar, que tamén se tivo en conta na definición deste programa. Ademais, considerouse que para xerar os efectos desexados, o orzamento destes proxectos en xeral non debería ser inferior aos 20 millóns de euros. O carácter multisectoriais e aberto desta convocatoria non permite definir a priori, un limiar máximo de orzamento. Segundo todas estas características, o programa Industrias do Futuro pode cualificarse como un innovador programa de colaboración público-privado desde o lado da demanda privada do tecido industrial galego.

Este programa Industrias do Futuro, tal como se explicaba nos parágrafos anteriores, é un instrumento incluído nas prioridades de investimento no marco do obxectivo temático 1 para Galicia dentro da súa RIS3, pero financiarase con fondos propios e non con fondos Feder porque a limitación incluída no artigo 70 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 non permitiría apoiar proxectos estratéxicos a nivel de toda a Unión Europea, aos cales este programa vai orientado, se inclúen máis dun 15 % do seu desenvolvemento fóra de Galicia. O anuncio previo de manifestacións de interese antes destacado permitiu concluír que este é un aspecto importante dentro da definición desta convocatoria e, por este motivo, aínda que este programa inicialmente se presentaba ao abeiro das «medidas de atracción do investimento privado para a posta en valor da I+D+i en Galicia» incluídas no programa operativo Feder Galicia 2014-2020 aprobado pola Comisión Europea en marzo de 2015) e nos seus criterios de selección de operacións, optouse por financiar esta convocatoria concreta con fondos propios e destinar o orzamento programado dentro do programa operativo a outras actuacións complementarias desta mesma finalidade.

Como programa innovador, a Axencia Galega de Innovación medirá o impacto deste novo instrumento, incluído dentro do Plan de acción da RIS3 Galicia, a través do seu plan de avaliación e seguimento.

Na definición de este programa Industrias do Futuro tamén se considerou a súa coherencia coa Estratexia europea en materia de I+D, sobre todo ao formularse para apoiar proxectos estratéxicos ao nivel da Unión Europea.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

A Estratexia Europa 2020 (EE2020) define o marco xeral de actuación das políticas europeas fixando tres modelos de crecemento e desenvolvemento para conseguir:

– Un desenvolvemento intelixente: favorecer unha economía baseada no coñecemento e a innovación;

– Un desenvolvemento sustentable: promoción dunha economía máis eficiente no uso dos recursos, máis ecolóxica e competitiva, e

– Un desenvolvemento integrador: fomento dunha economía con altas taxas de emprego que permita o desenvolvemento da cohesión social territorial.

A EE2020, pola súa vez, fixa cinco obxectivos para seren cumpridos a nivel europeo con fitos específicos para cada país. Un deles está asociado directamente á investigación e do desenvolvemento ao estar ligado a alcanzar un determinado nivel de gasto en I+D (3 %), un aspecto especialmente problemático cando nos centramos na contribución privada a este e ao cal este programa se dirixe.

Para conseguir estes obxectivos a UE definiu diferentes iniciativas emblemáticas, unha delas a de «Unión pola innovación», onde o cambio de enfoque cara a unha innovación dirixida a resultados que xere impacto na economía europea é un aspecto clave. A Unión pola innovación favorece unha nova orientación baseada na asociación dos axentes rexionais, nacionais e europeos implicados en toda a cadea de desenvolvemento da innovación incluíndo, ademais, unha serie de condicións interdependentes para o éxito destes acordos. Todas elas tentaron recollerse na definición de este programa Industrias do Futuro.

– Centrarse nunha problemática europea común, como é o caso da renovación dos modelos industriais a través das novas tecnoloxías.

– Mobilizar os axentes implicados durante un longo período e, por iso, permítense proxectos ata 2020 e esta convocatoria defínese como a primeira ata 2020.

– Ser máis eficaces ao estar dirixidas a escala europea, por iso o programa está orientado a proxectos de amplo alcance sen limitar o lugar de desenvolvemento.

– Estar centrados nos resultados en función de obxectivos determinados, de forma que a parte de impacto do proxecto é unha peza clave na avaliación deste programa.

– Recibir suficiente apoio financeiro, pero respectando sempre as normas de competencia na Unión e, por este motivo, no marco desta axuda limitarase o apoio público ao mínimo necesario.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Como instrumento de financiamento a UE puxo en marcha en 2014 o programa H2020. De forma xeral neste programa os apoios a proxectos, en liña coa temática do programa Industrias do Futuro para os axentes do tecido empresarial, concéntrase no alicerce de liderado industrial e tamén en iniciativas paralelas, como é o caso da asociación público privada FoF, a través da cal se recollen de primeira man as necesidades do tecido produtivo. Estes apoios están, en xeral, orientados a pemes e desenvólvense a través de proxectos en cooperación con consorcios amplos onde as KET ocupan un lugar destacado. Tendo en conta estas características, o programa Industrias do Futuro alíñase coas prioridades de H2020 pero tenta ofrecer un apoio complementario ao que se pode obter ao seu abeiro, dirixíndose a empresas tractoras para a través delas alcanzar un efecto de arrastre sobre as pemes. O programa, ademais, diríxese ás necesidades do tecido industrial galego recollidas no seu RIS3.

Dentro do ámbito da política industrial europea o programa Industrias do Futuro responde á prioridade «fabricación avanzada» incluída na Comunicación da Comisión «Por un renacemento industrial europeo» (SWD (2014) 14 final).

A nivel nacional, cómpre destacar o aliñamento do programa coa Estratexia Industria conectada 4.0, recentemente publicada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e na cal se inclúe que os novos desenvolvementos tecnolóxicos, a hiperconectividade e a globalización da economía están a formular importantes oportunidades e retos que a industria debería aproveitar para evolucionar e situarse como un sector forte, competitivo e de referencia internacional. Obxectivo en liña coa Axenda Dixital de España que recolle entre outros impulsar á I+D+i nas industrias do futuro 4.0.

Á vista de todo o exposto, o programa Industrias do Futuro defínese en liña coas diferentes políticas europeas e nacionais pero de forma complementaria, ao estar orientado a cubrir un espazo no cal ata o momento non hai apoios públicos, nin no ámbito estatal nin europeo. Non existe ningún programa de axudas que apoie proxectos empresariais cun orzamento superior aos 20 millóns de euros, liderados por unha gran empresa no seu sector, preferentemente en colaboración cun organismo de investigación, e cun efecto tractor sobre o resto de axentes do Sistema de innovación, especialmente pemes, ao integrar toda a cadea de valor da innovación, tanto investigación como desenvolvemento. Proxectos ademais, sen limitacións respecto do seu lugar de execución e orzamento máximo e que poidan tanto desenvolverse de forma individual como en cooperación con organismos de investigación. Estes elementos reveláronse imprescindibles para asegurar o impacto do programa dentro do proceso de definición do instrumento antes descrito e por iso son requisitos deste programa.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

O programa Industrias do Futuro preséntase, pola súa vez, en liña co resto de políticas galegas en materia de desenvolvemento industrial en sintonía coa RIS3 Galicia. Este sería o caso da Axenda de competitividade industrial Galicia: industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 13 de maio de 2015. Esta axenda propón accións de impulso á competitividade industrial e constitúe o plan director da Industria de Galicia 2015-2020, definido no artigo 23 da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia. Nace coa visión de impulsar un novo tecido industrial en Galicia, moderno, intelixente e sustentable, competitivo no futuro escenario global. Esta visión dunha nova industria galega propón que sexa capaz de evolucionar cara á fábrica intelixente apoiando grandes proxectos de investimento empresarial que actúen como tractores da economía, de forma que a través do papel de líder de empresas tractoras nos sectores estratéxicos da economía galega se potencie a capacidade de atracción de investimento privado través da colaboración cos diferentes axentes do Sistema galego de innovación, especialmente pemes, na súa posta en marcha.

A última das ferramentas de planificación estratéxica da Xunta de Galicia é o Plan estratéxico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na sesión do 28 de xaneiro de 2016, que unifica todas as estratexias anteriores. Entre as accións principais que desenvolverá o plan no que respecta ao obxectivo transversal do fomento do emprendemento, a industrialización e internacionalización está a de impulsar un novo modelo industrial mediante o apoio a unha nova industria galega competitiva no mercado global coa posta en marcha de medidas aceleradoras do proceso de transformación do tecido industrial nun tecido avanzado, intelixente e en liña coas tendencias internacionais de fábrica intelixente e da industria 4.0.

O procedemento de concesión destas axudas, que serán subvencións, tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e axustaranse ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, pero, ao non indicarse un limiar máximo no orzamento dos proxectos recóllese a posibilidade de que, no caso en que algún deles, individualmente ou integrados dentro dun plan (no cal se inclúen todos os proxectos solicitados por unha mesma empresa), supere os limiares de notificación do artigo 4.ii) e iii) do citado regulamento, estas propostas sexan obxecto dunha avaliación en profundidade da súa compatibilidade co Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/1) (en diante, Marco) e serán notificadas de forma individualizada á Comisión Europea en caso de seren seleccionadas. A súa concesión quedará condicionada á aprobación pola Comisión.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

De conformidade co parágrafo anterior debe aclararse que, aínda que ao abeiro deste programa tamén poden ser beneficiarios os organismos de investigación e difusión, estas axudas non teñen a consideración de axudas de Estado para os efectos do artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao axustarse ao número 2 do Marco comunitario (2014/C 198/01) porque:

– Só financiarán actividades non económicas (fináncianse I+D independente ao desenvolverse no marco dunha colaboración efectiva) e con dereito a publicar os resultados da súa propia investigación.

– Esixiráselles aos organismos beneficiarios contar cunha contabilidade separada de actividades económicas e non económicas e quedan obrigados a destinar a axuda recibida só a actividades non económicas.

– Ademais, para evitar posibles axudas indirectas ás empresas participantes coas que o organismo de investigación colabora no proxecto:

– Esixirase que, segundo o punto 2.2.2 número 28 do Marco (2014/C 198/01), todo DPI (Dereito de propiedade intelectual e industrial) resultante do proxecto, así como os dereitos de acceso se atribúan entre a empresa e o organismo de forma adecuada e en función das súas tarefas, contribucións e intereses respectivos ou o organismo reciba unha compensación equivalente ao prezo de mercado dos DPI que se xeren e que se asigne ás empresa ou aos que se lles asignen dereitos de acceso.

– O organismo de investigación poderá obter unha axuda pola cantidade total dos seus gastos no proxecto pero limitarase a axuda total que pode recibir o proxecto no cal participa á cantidade que a empresa (ou empresas) coa que colabora podería recibir segundo o Regulamento (UE) nº 651/2014.

Cómpre ademais indicar que, aínda que a axuda concedida aos organismos de investigación non tería a consideración de axuda de Estado segundo o indicado no parágrafo anterior, no caso en que a colaboración efectiva do organismo coa empresa se desenvolva no marco dun proxecto en cooperación que deba notificarse de forma individual, a concesión da axuda ao organismo de investigación tamén quedará en suspenso mentres a CE non se pronuncie.

Para que as entidades solicitantes non dividan de forma artificial as súas propostas para evitar a notificación individual ao superar os seus proxectos os limiares de notificación do

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Regulamento (UE) nº 651/2014, sempre que una mesma entidade expoña varios proxectos estes deberán ser integrados nun único plan, aínda que de forma diferenciada, e terán que presentarse de forma conxunta. Unha vez recibidas todas as solicitudes, a Axencia Galega examinará aqueles proxectos e plans que soliciten un orzamento que supere os limiares de notificación antes indicados e poderalles requirir información complementaria para avaliar a súa compatibilidade co Marco e preparar, no caso de contar cunha adecuada valoración, a súa notificación individual á UE.

Segundo todo o exposto, as axudas que agora se convocan responden ás necesidades do tecido galego e están aliñadas, de forma complementaria, coas políticas europeas e nacionais de apoio á innovación cuxo obxectivo é a obtención dun tecido industrial innovador, capaz de xerar unha competitividade baseada no coñecemento e un crecemento económico sustentable para Europa.

Consecuentemente con todo o anterior, o director da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das axudas da Axencia Galega de Innovación da primeira convocatoria do programa Industrias do Futuro 4.0. Este programa, incluído no plan de acción da RIS3 Galicia, ten por obxectivo o fomento do investimento privado para o financiamento da innovación a través do apoio a grandes proxectos empresariais de I+D de carácter estratéxico para o tecido industrial galego, centrados no desenvolvemento de tecnoloxías industriais clave para conseguir un modelo produtivo innovador. Estes proxectos deberán estar en liña coas tendencias internacionais da fábrica do futuro, fábrica intelixente e da industria 4.0 e aliñados coa RIS3 Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta resolución, convócanse as ditas axudas para o ano 2016, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva (código procedemento IN854A), axustándose as axudas concedidas no marco da presente resolución ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014. No caso en que se presente algún proxecto, ou plan agrupando varios proxectos en que participe una mesma entidade, que supere os limiares de axuda fixados neste regulamento, estes proxectos serán notificados de for-


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

ma individual á Comisión Europea tras unha avaliación da súa compatibilidade co Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/1) e a súa concesión, en caso de ser seleccionados, quedará condicionada á aprobación previa pola Comisión. Con esta medida búscase evitar a división artificial de proxectos para fuxir dos limiares máximos de notificación e poder valorar a compatibilidade de todas as axudas concedidas a unha mesma entidade.

É necesario engadir que ao abeiro deste programa tamén poden ser beneficiarios os organismos de investigación e difusión pero estas axudas, segundo o punto 2 do Marco comunitario (2014/C 198/01), non teñen a consideración de axudas de Estado para os efectos do artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. É importante aclarar que, se o proxecto no que participa o organismo debe ser notificado á CE de forma previa á súa aprobación, a posible axuda que se concederá ao organismo tamén quedará en suspenso pendente da decisión da comisión e axustarase a ela.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación

Artigo 2. *Definicións*

1. Investigación industrial: investigación planificada ou estudos críticos destinados a adquirir novos coñecementos e aptitudes que poidan ser útiles para desenvolver novos produtos, procesos ou servizos, ou permitan mellorar considerablemente os xa existentes. Comprende a creación de compoñentes de sistemas complexos e pode incluír a construción de prototipos nunha contorna de laboratorio ou nunha contorna con interfaces simuladas cos sistemas existentes, así como liñas piloto cando sexa necesario para a investigación industrial e, en particular, para a validación de tecnoloxía xenérica.

2. Desenvolvemento experimental: a adquisición, combinación, configuración e emprego de coñecementos e técnicas xa existentes, de índole científica, tecnolóxica, empresarial ou doutro tipo, con vistas á elaboración de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados. Pode incluír, tamén, por exemplo, actividades de definición conceptual, planificación e documentación de novos produtos, procesos e servizos. Entre as actividades poderá figurar a elaboración de proxectos, deseños, plans e demais tipos de documentación, a condición de que non vaia destinada a usos comerciais.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

O desenvolvemento experimental poderá comprender a creación de prototipos, a demostración, a elaboración de proxectos piloto, o ensaio e a validación de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados, en contornas representativas de condicións reais de funcionamento, sempre que o obxectivo principal sexa conseguir novas melloras técnicas a produtos, procesos ou servizos que non estean substancialmente asentados. Pode incluír o desenvolvemento de prototipos ou proxectos piloto que poidan utilizarse comercialmente cando sexan necesariamente o produto comercial final e a súa fabricación resulte demasiado onerosa para o seu uso exclusivo con fins de demostración e validación.

O desenvolvemento experimental non inclúe as modificacións habituais ou periódicas efectuadas en produtos, liñas de produción, procesos de fabricación, servizos existentes e outras operacións en curso, aínda que as ditas modificacións poidan representar melloras deles.

3. Plan: documento no cal se integran, aínda que de forma individualizada, os distintos proxectos solicitados por unha mesma entidade á presente convocatoria os cales serán avaliados de forma diferenciada. A Axencia Galega de Innovación revisará inicialmente cada plan de forma que se a axuda total solicitada por todos os proxectos incluídos nel puidese superar os limiares máximos de notificación, poderíase requirir información complementaria que permita avaliar a súa compatibilidade co Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/1) (anexo VI). Cando, tras a fase de avaliación, a axuda total que se podería conceder aos proxectos subvencionables integrados nun plan que superasen os limiares de valoración poida superar os limiares máximos do Regulamento 651/2014 (artigo 4.i), a súa notificación farase de forma conxunta pero especificando os datos e valoración de cada un dos proxectos solicitados. Búscase con iso evitar que se fragmenten proxectos relacionados que deberían considerarse de forma conxunta para aplicar os limiares de notificación, así como poder valorar a compatibilidade de todas as axudas para conceder a unha mesma entidade.

4. Limiares máximos de notificación segundo o artigo 4.ii) e iii) do Regulamento (UE) nº 651/2014:

– Para un proxecto predominantemente de investigación industrial: 20.000.000 de euros de axuda.

– Para un proxecto predominantemente de desenvolvemento experimental: 15.000.000 de euros de axuda.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Entendendo por «predominante» (para os efectos de fixar estes limiares) que máis da metade dos seus custos subvencionables xéranse a partir de actividades clasificadas nesa categoría.

5. Empresa: toda entidade que realice unha actividade económica consistente na oferta de produtos ou servizos nun determinado mercado independentemente do seu estatuto xurídico (público ou privado) ou do seu carácter económico, é dicir, se pretende obter beneficios ou non, tal e como se indica no punto 2.1 do Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/1).

6. Gran empresa, enténdese toda empresa que non cumpre cos requisitos para ser considerada como peme nos termos establecidos no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

7. Pequena e mediana empresa: segundo o anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, consideraranse pemes as empresas que ocupan menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede os 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede os 43 millóns de euros. Dentro das pemes, considerarase pequena empresa aquela que ocupa menos de 50 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. Para o cálculo destes efectivos deberán considerarse as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

8. Organismos de investigación e difusión de coñecementos: son organismos de investigación e difusión de coñecementos (en diante, organismos de investigación), segundo a definición do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, toda entidade (por exemplo, universidades ou centros de investigación, organismos de transferencia de tecnoloxía, intermediarios de innovación ou entidades colaborativas reais ou virtuais orientadas á investigación), independentemente da súa personalidade xurídica (de dereito público ou privado) ou forma de financiamento, cuxo principal obxectivo sexa realizar de forma independente investigación fundamental, investigación industrial ou desenvolvemento experimental ou difundir amplamente os resultados delas mediante o ensino, a publicación ou a transferencia de coñecementos. Cando unha entidade deste tipo leve a cabo tamén actividades económicas, ou financiamento, os custos e os ingresos das devanditas actividades deberanse contabilizar por separado. As empresas que poidan exercer unha influencia decisiva nas devanditas entidades, por exemplo, en calidade de accionistas ou membros, non poderán gozar de acceso preferente aos resultados que xere.

9. Reto estratéxico: sintetiza o conxunto de prioridades tecnolóxicas e de innovación da estratexia RIS3 de Galicia (http://www.ris3galicia.gal/?page_ide=3911&lang=é) baseadas

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

tanto en actividades existentes como en oportunidades de futuro. Os retos estratéxicos son:

– Reto 1: xestión innovadora de recursos naturais e culturais. Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

– Reto 2: o modelo industrial da Galicia do futuro. Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia a través da hibridación e as tecnoloxías facilitadoras esenciais.

– Reto 3: novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo. Situar a Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.

10. Industria 4.0: o concepto de Industria 4.0 xurdiu en Alemaña para describir a «fábrica intelixente» e fai referencia ao que se chamou a «cuarta revolución industrial» impulsada pola transformación dixital e a introdución das tecnoloxías dixitais na industria. Estas tecnoloxías permiten a hibridación entre o mundo físico e o dixital e esta conexión habilita que dispositivos e sistemas colaboren entre eles e con outros sistemas para crear unha industria intelixente, obtendo novos produtos, procesos e modelos de negocio.

11. Colaboración efectiva: tal e como se recolle no artigo 2 punto 90 do Regulamento (UE) nº 651/2014 é a colaboración entre polo menos dúas partes independentes para o intercambio de coñecementos ou tecnoloxía, ou para alcanzar un obxectivo común sobre a base da división do traballo, en que as partes implicadas definen conxuntamente o ámbito do proxecto en colaboración, contribúen á súa aplicación e comparten os seus riscos e os seus resultados; unha ou varias das partes poden soportar a totalidade dos custos do proxecto e liberar así outras partes dos seus riscos de financiamento; a investigación baixo contrato e a prestación de servizos de investigación non se consideran formas de colaboración;

12. Entidade vinculada: son empresas vinculadas segundo o artigo 3.3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 aquelas empresas entre as cales existe algunha das seguintes relacións:

a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios da outra empresa.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

b) Unha empresa ten dereito a nomear ou revogar á maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control da outra empresa.

c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas ou socios.

Presúmese que non existe influencia dominante cando os investidores enunciados no artigo 3.2 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 non teñen implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas.

As empresas que manteñan calquera das relacións previstas no parágrafo primeiro do artigo 3 do citado anexo I a través doutra ou outras empresas, ou cos investidores enumerados no punto 2 do mesmo artigo, consideraranse tamén vinculadas.

Tamén se considerarán empresas vinculadas as que manteñan algunha das devanditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo se ditas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos, considerándose mercado contiguo o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior ao do mercado en cuestión.

13. Empresa en crise: tal e como se recolle no artigo 2 punto 18 do Regulamento (UE) nº 651/2014:

Unha empresa en que concorra polo menos unha das seguintes circunstancias:

a) Se se trata dunha sociedade de responsabilidade limitada (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade ou, para efectos dos criterios para poder optar ás axudas ao financiamento de risco, unha peme no prazo de sete anos desde a súa primeira venda comercial, que cumpra as condicións para recibir investimentos de financiamento de risco tras as comprobacións de dilixencia debida por parte do intermediario financeiro seleccionado), cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas; é o que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

propios da sociedade) conduce a un resultado negativo superior á metade do capital social subscrito; para efectos da presente disposición, «sociedade de responsabilidade limitada» refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo I da Directiva 2013/34/UE e «capital social» inclúe, cando cumpra, toda prima de emisión.

b) Se se trata dunha sociedade en que polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade ou, para efectos dos criterios para poder optar ás axudas ao financiamento de risco, unha peme no prazo de sete anos desde a súa primeira venda comercial, que cumpra as condicións para recibir investimentos de financiamento de risco tras as comprobacións de dilixencia debida por parte do intermediario financeiro seleccionado), cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade; para efectos da presente disposición, «sociedade en que polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade» refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo II da Directiva 2013/34/UE.

c) Cando a empresa se atope inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos no seu dereito nacional para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia a petición dos seus acredores.

d) Cando a empresa recibise axuda de salvamento e aínda non reembolsase o préstamo ou posto fin á garantía, ou recibise axuda de reestruturación e estea aínda suxeita a un plan de reestruturación.

e) Se se trata dunha empresa distinta dunha peme, cando durante os dous exercicios anteriores:

1º. O cociente débeda/capital da empresa fose superior a 7,5.

2º. O cociente de cobertura de xuros da empresa, calculado sobre a base do EBITDA, se situase por baixo de 1,0.

14. Índice asociado Herfindahl-Hirschman (IHH): índice que mide a concentración económica dun mercado, é dicir, a falta ou non de competencia. Calcúlase como o sumatorio da cota de mercado ao cadrado das empresas que compoñen o mercado.

15. Proxecto contrafáctico: proxecto que se desenvolvería en ausencia da axuda pública.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

16. Actividades económicas: aquelas actividades que consisten na oferta de bens e/ou servizos nun determinado mercado, mesmo cando non exista ánimo de lucro.

17. Actividades non económicas dos organismos de investigación: tal e como se recolle no punto 2.1 do Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/1), aquelas actividades que non consisten na oferta de bens e/ou servizos nun determinado mercado, incluíndose entre elas as actividades primarias dos organismos de investigación, en particular: a educación para lograr máis e mellor persoal cualificado; a realización de I+D independente para a mellora do coñecemento cando o organismo emprenda unha colaboración efectiva e a ampla difusión de resultados das investigacións de forma non discriminatoria e non exclusiva. Tampouco se considerarían actividades económicas as actividades de transferencia de coñecemento cando son levadas a cabo polo organismo de investigación sempre que os beneficios xerados por elas volvan investirse nas súas actividades primarias. O carácter non económico destas actividades de transferencia non se ve afectado polo feito de contratar con terceiros a prestación dos servizos correspondentes mediante licitación pública.

Artigo 3. *Actividades subvencionables*

Son actividades subvencionables a investigación industrial e o desenvolvemento experimental, entendendo como tales as definicións incluídas no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014 e que se recollen no artigo anterior da presente resolución.

Artigo 4. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) Empresas industriais cun establecemento permanente legalmente constituído en Galicia, que poidan liderar proxectos empresariais de I+D de carácter estratéxico que cumpran as características recollidas no artigo 6 da presente resolución. As empresas deberán ser privadas e, atendendo ao seu tamaño, poderán ser medianas ou grandes, segundo as definicións incluídas no anterior artigo 2 para, a través do seu liderado, exercer un efecto tractor sobre o resto de axentes do Sistema galego de innovación, especialmente entre empresas de menor tamaño.

b) Agrupacións de unha empresa ou empresas, pero sempre do mesmo grupo empresarial, e un organismo de investigación, nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007) que realicen proxectos en cooperación.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

As empresas que integren a agrupación deberán ter as características indicadas na letra a) deste artigo e, no caso de ser máis dunha, pertencer ao mesmo grupo empresarial, segundo o disposto no artigo 42 do Código de comercio, para asegurar a súa capacidade tractora.

Os organismos de investigación, ademais de cumprir os requisitos da definición incluída no artigo 2 anterior, só poderán ser beneficiarios se desenvolven unha colaboración efectiva cunha empresa no marco dun proxecto en cooperación subvencionable ao abeiro desta convocatoria e contan cun centro de traballo permanente en Galicia. Tal e como se indica na súa definición anterior, no caso de desenvolver actividades económicas ou non económicas é necesario que o organismo conte cunha contabilidade separada de cada unha delas.

Se a agrupación non ten personalidade xurídica deberanse facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario.

En todo caso, deberá nomearse un líder que será o representante único da agrupación, único interlocutor coa Administración en todo o procedemento, e con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. O líder sempre deberá ser unha empresa nunca un organismo de investigación e difusión.

As agrupacións rexeranse polo documento contractual que as regule. O funcionamento interno da agrupación responderá a criterios de autonomía de xestión e deberá incluír de forma expresa quen é o líder ou representante da agrupación.

O documento contractual de regulación da agrupación deberá prever, como mínimo, o seguinte:

a) Distribución das actividades e do orzamento total e o achegado por cada un dos membros da agrupación.

b) Acordo de representación da agrupación e elección do seu representante ante a Administración para os efectos de interlocución con ela.

c) Acordos de confidencialidade.

d) Propiedade, protección legal (patentes) e divulgación dos resultados. Tendo en conta que, no caso de participar organismos de investigación e difusión, estes deben ter dereito

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

a publicar os resultados da súa propia investigación. Ademais, exixirase que, segundo o apartado 2.2.2 punto 28 do Marco, todo DPI (Dereito de propiedade intelectual e industrial) resultante do proxecto, así como os dereitos de acceso se atribúan entre a empresa e o organismo de forma adecuada e en función das súas tarefas, contribucións e intereses respectivos ou o organismo reciba unha compensación equivalente ao prezo de mercado dos DPI que se xeren e que se asignen á empresa ou aos que se lles asigne dereito de acceso.

e) Xestión da agrupación, plan de continxencias e distribución de responsabilidades ante posibles dificultades.

f) Designación dun xefe técnico do proxecto.

Con todo, o orzamento e as actividades quedarán suxeitos ao establecido na resolución de concesión da axuda.

A agrupación de empresas non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007.

2. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que concorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, nin tampouco as empresas en crise, nin aquelas que están suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.

Artigo 5. *Modalidades de participación*

1. Recóllense dúas modalidades de participación: individual ou en cooperación. Tal e como se indicaba no artigo 4 anterior, os organismos de investigación e difusión só poderán participar na modalidade en cooperación.

2. As entidades participantes en proxectos en cooperación deberán formar unha agrupación xurídica nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007) constituída por empresas, que deberán pertencer a un mesmo grupo empresarial, e/ou organismos de investigación, tal e como se recolle no artigo 4. Nunca unha entidade da agrupación poderá ter un orzamento inferior ao 10 % do custo total subvencionable do proxecto.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Artigo 6. *Características dos proxectos*

1. Os proxectos subvencionables ao abeiro desta convocatoria deberán ser proxectos empresariais de investigación industrial e desenvolvemento experimental de amplo alcance, estratéxicos a nivel europeo dentro do sector en que se formulen. Poderán ser proxectos individuais dunha empresa ou proxectos en cooperación entre un organismo de investigación e difusión e unha empresa (ou empresas se son do mesmo grupo empresarial).

2. Buscando a máxima eficiencia e eficacia do apoio público:

– Os proxectos deberán ser grandes proxectos integrados por iso se exixirá un orzamento subvencionable mínimo de 20.000.000 de euros no caso de proxectos individuais. No caso de proxectos en cooperación, se participan empresas do mesmo grupo o orzamento conxunto co que participan todas elas debe respectar o orzamento mínimo subvencionable de 20.000.000 de euros e ningunha ter unha participación inferior ao 10 % do orzamento total do proxecto. No caso de organismos de investigación, o seu orzamento no proxecto en cooperación no que participan non pode ser inferior a 10.000.000 de euros e tampouco ser inferior ao 10 % do custo total subvencionable do proxecto.

– No caso en que unha mesma empresa solicite máis dun proxecto ao amparo desta convocatoria estes deberán ser incluídos nun único plan, aínda que serán solicitados de forma diferenciada, para evitar a división artificial dun proxecto co obxectivo de fuxir dos limiares máximos de notificación do Regulamento (UE) nº 651/2014. Se a axuda total solicitada por un proxecto, ou polos proxectos incluídos nun plan de solicitarse máis dun por unha mesma entidade, supera estes limiares máximos, poderase requirir información complementaria que permita avaliar a súa compatibilidade co Marco (anexo VI) xa que, de superar os limiares de valoración e poder ser seleccionados, o proxecto ou proxectos dentro do plan, deberán ser notificados á Comisión Europea (CE) de forma individual e a súa aprobación estará condicionada a aceptación previa por parte desta.

– A cualificación dun proxecto, ou da participación dunha entidade nun proxecto en cooperación, dentro de cada unha das actividades subvencionables, investigación industrial ou desenvolvemento experimental, será única, de forma que se se inclúe algunha actuación de desenvolvemento conxuntamente con outras de investigación industrial, a súa cualificación global, para calcular a intensidade da axuda global que se vaia considerar, será a de desenvolvemento experimental. Desta maneira búscase limitar ao máximo a axuda pública paralela ao investimento privado e asegurar que esta corresponde coa cantidade mínima necesaria para asumir o risco que leva o desenvolvemento de actividades de I+D deste alcance.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

3. Debido ao carácter estratéxico a nivel europeo que deberán ter os proxectos elixibles dentro desta convocatoria, non se exixirá que se desenvolvan integramente en Galicia pero deberán ser proxectos tractores dentro dos ámbitos máis destacados da economía de Galicia cun efecto de arrastre ou fervenza de transformación do tecido industrial galego cara a unha competitividade baseada na innovación.

4. Os proxectos deberán estar orientados á consecución dun novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento a través dun uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras (TFE) para obter procesos e produtos de alto valor engadido en liña coas tendencias internacionais da fábrica do futuro, fábrica intelixente e da industria 4.0 e sempre aliñados co reto 2 da RIS3 galega, de forma que contribúan a conseguir unha «Industria intelixente» en Galicia para o 2020.

Poderán estar centrados:

– Na mellora de procesos, buscando avanzar na súa eficiencia e flexibilidade.

– Na mellora de produtos, de forma que se xeren produtos novos ou con novas funcionalidades para adaptalos ás novas tendencias.

– No desenvolvemento de novos modelos de negocio, a través dalgunha das seguintes tecnoloxías, aínda que non de forma excluínte:

1º. Tecnoloxías que conecten o mundo físico co dixital:

– Realidade aumentada e impresión en 3D.

– Automatización avanzada e robótica.

– Internet das cousas.

– Sistemas intelixentes embebidos.

2º. Tecnoloxías que permitan a comunicación e o tratamento dos datos:

– *Cloud-computing*.

– Ciberseguridade.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

3º. Tecnoloxías que faciliten a xestión intelixente das operacións, así como o traballo colaborativo con outras empresas:

– Big Data.

– Intelixencia de negocio.

– Desenvolvemento de plataformas de traballo colaborativo e de integración en liña das cadeas de valor de provedores e outras empresas.

5. Os proxectos deberán ser ambiciosos e propoñer innovacións disruptivas, polo que se valorará especialmente a colaboración efectiva con organismos de investigación (segundo a definición recollida no artigo 2 desta convocatoria) a través da cal se definan proxectos con obxectivos innovadores mas amplos e con maior risco tecnolóxico. Os organismos de investigación e difusión que participen no proxecto deberán poder publicar os resultados da súa propia investigación.

6. A duración mínima dos proxectos será de tres anualidades e a máxima de cinco e poderá estenderse ata o 31 de outubro de 2020.

7. De acordo co artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014 as axudas que se concedan ao abeiro do programa Industrias do Futuro deben ter un efecto incentivador polo que o inicio do proxecto non pode ser anterior á solicitude da axuda, entendendo a data de inicio non como unha data a partir da cal se poden imputar gastos, senón realmente a data de inicio das actividades do proxecto. Ademais, a axuda deberá cambiar o comportamento da entidade solicitante de tal maneira que emprenda actividades complementarias que non realizaría, ou que, sen a axuda, realizaría dunha maneira limitada ou diferente, de forma que a axuda supoña un aumento substancial do alcance do proxecto, da cantidade total investida ou da velocidade de execución del. Con todo, as axudas non deben subvencionar os custos dunha actividade en que a empresa incorrería de todos os xeitos nin deben compensar o risco empresarial normal dunha actividade económica. Todos estes puntos deben explicitarse claramente na memoria do proxecto.

Artigo 7. *Financiamento*

As subvencións imputaranse ao capítulo VII do orzamento da Axencia Galega de Innovación coa seguinte distribución:

| | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 09.A3.561A.7 | 100.000 | 100.000 | 18.000.000 | 20.000.000 | 21.800.000 | 60.000.000 |

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

A distribución de fondos entre estas anualidades é unha previsión que podería ter que axustarse tras a valoración das solicitudes de axuda, sendo posible incluso a reprogramación da repartición entre anualidades sen incrementar o crédito total conforme o disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009.

Poderanse ampliar os créditos dedicados a esta convocatoria logo da declaración de dispoñibilidade orzamentaria segundo o disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitudes que resulte da aplicación dos criterios de valoración entre aquelas solicitudes que superen a valoración mínima indicada no artigo 30 desta mesma resolución.

A resolución de adxudicación podería quedar en suspenso mentres a CE non se pronuncie no caso de que os proxectos seleccionados deban ser notificados previamente á comisión.

Artigo 8. *Intensidade global das axudas e concorrencia*

1. As axudas concederanse en forma de subvencións. Co obxectivo de axustar ao máximo a proporcionalidade da axuda tendo en conta a magnitude e complexidade dos proxectos, a cualificación dentro das actividades financiables: investigación industrial ou desenvolvemento experimental dun proxecto ou das actividades de cada beneficiario dentro dun proxecto en cooperación será única e sempre a menos favorable en termos de intensidade de axuda.

2. A contía individualizada para cada proxecto determinarase, sempre respectando os límites de intensidade máxima conforme os artigos 25 e 29 do Regulamento (UE) nº 651/2014, en función do seu custo real financiable e das características do beneficiario e tamén do proxecto. Así, á hora de fixar a intensidade global da axuda que se vai aplicar a cada beneficiario terase en conta, ademais do tipo de entidade (empresa/organismo de investigación) e a cualificación das súas actividades:

– Se as executa ou non en colaboración efectiva.

– Se o custo total do proxecto supera os limiares máximos de notificación do Regulamento (UE) nº 651/2014, sempre limitando, ademais, a axuda total que un proxecto pode obter, aínda que nel participe un organismo de investigación, á cantidade total que a empresa coa que colabora podería ter segundo esta convocatoria . Desta maneira búscase evitar, dunha forma aínda máis exhaustiva que no propio Marco, a posible axuda indirecta á empresa a través do organismo de investigación co que colabora.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

3. Segundo o exposto nos parágrafos anteriores, os organismos de investigación poderán obter unha axuda pola cantidade total dos seus gastos no proxecto pero limitarase a axuda total que pode recibir o proxecto no que participan reducindo a intensidade da empresa, ou empresas no caso de pertencer ao mesmo grupo, coa/s que colabora, para que a axuda total do proxecto coincida coa cantidade que estas poderían recibir segundo os seguintes supostos:

3.1. No caso de solicitudes que superen os limiares de notificación do Regulamento (UE) nº 651/2014, e que serán notificados de forma individual á Comisión Europea, na intensidade da axuda terase en conta especialmente que a axuda non produza ningún tipo de falseamento da competencia no mercado da Unión a través dunha análise detallada da rendibilidade do proxecto, segundo a empresa e o sector, para asegurar que a axuda non supera o mínimo necesario. Por este motivo, a intensidade global de axuda será máis restritiva fixándose dentro dos seguintes intervalos:.

a) No caso en que o proxecto non implique a colaboración efectiva cun organismo de investigación, a intensidade global de axuda variará entre o (0-25 %) dos custos subvencionables para actividades de desenvolvemento experimental e entre o (0-50 %) para actividades de investigación industrial.

b) No caso en que o proxecto implique a colaboración efectiva cun organismo de investigación e difusión de coñecemento, asumindo este como mínimo o 10 % dos custos subvencionables e tendo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación, a intensidade global de axuda variará entre o (15-40 %) dos custos subvencionables para actividades de desenvolvemento experimental e entre o (15-65 %) para actividades de investigación industrial.

En ambos os casos, á hora de fixar a intensidade global concreta, ademais de respectarse os límites indicados no Regulamento (UE) nº 651/2014 segundo o tipo de entidade tamén se terá en conta a existencia de axudas fóra da Unión para proxectos similares, tal e como se recolle no Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación.

3.2. No caso de solicitudes que non superen os limiares de notificación do Regulamento (UE) nº 651/2014, a intensidade global de axuda que se vai conceder situarase dentro dos limiares máximos recollidos no seu artigo 25 polo que:

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

a) No caso en que o proxecto non implique a colaboración efectiva cun organismo de investigación, a intensidade global de axuda, segundo o tipo de empresa e a categoría das actuacións financiadas respectará:

| | Mediana empresa * | Gran empresa * |
|---|---|---|
| Investigación industrial | 60 % | 50 % |
| Desenvolvemento experimental | 35 % | 25 % |

* Porcentaxe dos custos subvencionables

b) No caso en que o proxecto implique a colaboración efectiva cun organismo de investigación e difusión de coñecemento, asumindo este como mínimo o 10 % dos custos subvencionables e tendo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación, a intensidade global de axuda poderá incrementarse nun 15 %:

| | Mediana empresa * | Gran empresa * |
|---|---|---|
| Investigación industrial | 75 % | 65 % |
| Desenvolvemento experimental | 50 % | 40 % |

* Porcentaxe dos custos subvencionables

4. O procedemento concreto que se seguirá para fixar a intensidade global de axuda segundo os apartados anteriores terá varias etapas. Así, primeiro fixarase o orzamento total subvencionable daquelas solicitudes que superen o limiar mínimo de puntuación que se recolle no artigo 30 desta resolución. A continuación, clasificaranse os proxectos, ou a participación de cada entidade no caso de proxectos en cooperación, de acordo co tipo de actuación financiable: investigación industrial ou desenvolvemento tecnolóxico.

Realizado isto, determinarase se en cada proxecto se pode considerar que existe colaboración efectiva, entre a empresa/s e o organismo de investigación, cumprindo todas as características que permitirían incrementar nun 15 % a intensidade de axuda.

Finalizado todo este proceso, os proxectos clasificaranse entón en función de se a posible axuda total que poderían obter superaría ou non os limiares mínimos de notificación do Regulamento (UE) nº 651/2014. Se non os supera, aplicarase o indicado no punto 3.2 respectando as intensidades máximas que permite o citado regulamento segundo o tipo de entidade e de actuación subvencionable, tal e como se indica no punto anterior. Se os supera, segundo exista ou non colaboración efectiva cun organismo de investigación, aplicaránselles os intervalos indicados no punto 3.1 deste artigo, fixando a intensidade global de cada proxecto de forma que, segundo a súa rendibilidade no marco do sector onde se desenvolve, non se produza ningún tipo de falseamento da competencia no mercado da Unión e a axuda proposta sexa a mínima necesaria.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Unha vez fixada a intensidade de axuda global para os proxectos que superasen o limiar mínimo de valoración as solicitudes ordenaranse en función da súa puntuación total de acordo aos criterios recolleitos no artigo 30, e, de acordo a esta orde de prelación, propoñerase a súa concesión atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. No caso de plans en que se agrupen máis dun proxecto aplicaranse a cada un deles as intensidades globais descritas no punto anterior, tendo sempre presente, ademais, no caso de proxectos dunha mesma entidade que poidan considerarse intimamente relacionados durante a avaliación, que a axuda total non produce un falseamento da competencia.

6. A entidade solicitante incluirá a cantidade de axuda que, respectando o indicado nos puntos anteriores, solicita para o proxecto. No caso de proxectos en cooperación na solicitude detallarase a axuda solicitada para cada un dos socios. Esta cantidade será revisada durante a valoración do proxecto de acordo á intensidade que lle sería de aplicación segundo o procedemento descrito no punto 4 anterior.

7. As axudas reguladas nesta convocatoria serán compatibles coa percepción doutras axudas xa obtidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, sempre que o importe conxunto sexa de tal contía que non supere nin o custo total da actividade financiada nin os límites de aplicación segundo o Regulamento (UE) nº 651/2014 ou outro regulamento que lle fose de aplicación se este fose máis restritivo, pero será incompatible coa concesión de calquera outra axuda obtida de forma posterior, xa que dentro da análise da axuda para conceder que se fai no marco deste programa tense en conta que esta é a mínima necesaria (considerando todos os apoios que cada entidade tivese ata o momento para desenvolver o proxecto solicitado).

Artigo 9. *Conceptos subvencionables*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento de cada proxecto.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. Para a anualidade de 2016, só se admitiran aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

e a data límite de xustificación establecida no artigo 38 desta resolución. Para o resto de anualidades, admitiranse os gastos realizados dentro do período comprendido entre a data límite de xustificación da anualidade anterior e a data límite de xustificación da anualidade corrente.

3. Os custos subvencionables se desagregaranse nas seguintes partidas.

a) Custos directos: os custos directos son aqueles que están directa e inequivocamente relacionados coa actividade subvencionada e cuxo nexo con esta actividade pode demostrarse. Consideraranse custos directos subvencionables os seguintes:

1. Custos de persoal.

2. Custos de equipamento e material instrumental.

3. Materiais, subministracións e produtos similares.

4. Adquisición de patentes.

5. Servizos tecnolóxicos externos.

6. Subcontratacións.

7. Outros custos: o custo derivado do informe realizado polo auditor respecto ao proxecto que se require para a súa xustificación.

b) Custos de carácter indirecto: os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural pero resultan necesarios para a súa realización, nos cales se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza.

Artigo 10. *Custos de persoal*

1. Poderanse subvencionar os custos de persoal propio e os de persoal de nova contratación que se incorpore á entidade para a realización do proxecto (persoal investigador, técnico e persoal auxiliar que realice actividades de investigación) no tempo imputado exclusivamente ao desenvolvemento das actividades de I +D do plan de traballo do proxecto.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Cando a imputación ao proxecto non sexa do cento por cento, na memoria que se achegue á solicitude deberán xustificarse os motivos da porcentaxe de imputación do tempo de dedicación ao proxecto sobre a base dos fitos ou traballos concretos para desenvolver no proxecto, sen que sexa suficiente unha xustificación xenérica que non permita valorar a adecuación, pertinencia e verificabilidade do tempo imputado.

2. Poderán subvencionarse os custos de persoal directivo e xerencial que realice labores de I+D no proxecto cunha dedicación máxima do 10 %. Para poder comprobar esta participación será necesario xustificar de forma detallada na memoria técnica, que se achegará coa solicitude, as funcións concretas que desenvolverá este persoal nas diferentes fases/actividades recollidas no plan de traballo do proxecto. O custo total deste tipo de persoal nunca poderá ser superior ao 5 % do custo total de persoal que se inclúa no proxecto.

3. Non se considerarán subvencionables:

a) Os gastos relacionados con aqueles traballadores que non teñan relación contractual laboral coa entidade beneficiaria da subvención, agás que se trate de socios que traballen baixo o réxime de autónomos. No caso de traballadores autónomos, a súa dedicación mensual estará limitada ao 40 %.

b) Os custos de persoal administrativo relacionados con tarefas de xestión do proxecto.

c) As contratacións en formación, as de bolseiros, as contratacións a tempo parcial excepto nos supostos de redución voluntaria da xornada previstos no Estatuto dos traballadores, nin as contratacións en grupos de cotización inferiores aos correspondentes ás titulacións/categorías profesionais que establece a Seguridade Social ao regular as bases de cotización por continxencias comúns e que se indican a continuación:

| Titulación/categoría profesional | Grupo de cotización |
|---|---|
| Enxeñeiros/licenciados/persoal de alta dirección | 1 |
| Enxeñeiro técnicos e axudantes titulados | 2 |
| Xefes administrativos e de taller | 3 |
| Axudantes non titulados | 4 |
| Oficiais administrativos | 5 |
| Subalternos | 6 |
| Auxiliares administrativos | 7 |
| Oficiais de primeira e segunda | 8 |
| Resto de oficiais | 9 |
| Peóns | 10 |
| Traballadores menores de 18 anos | 11 |

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

5. As modificacións no cadro de persoal asignado ao proxecto deberán ser aprobadas pola Axencia Galega de Innovación. Só se admitirán os cambios dunha persoa por outra con idéntica ou equivalente titulación, ou aquelas substitucións debidamente xustificadas no marco do proxecto.

Entenderase que a Axencia Galega de Innovación ten aprobada a modificación pretendida no cadro de persoal se non a rexeita expresamente no prazo dun mes desde a data de entrada no rexistro da Axencia da notificación. O rexeitamento ou a falta de notificación da modificación pretendida levará consigo unha redución no custo concedido para os traballadores afectados.

Artigo 11. *Custos de equipamento e material instrumental*

1. Serán subvencionables os custos de equipamento e material instrumental, na medida e durante o período en que se utilice para o proxecto.

Se o equipamento e material se dedica exclusivamente á actuación subvencionada e a súa vida útil se esgota ao termo do período de execución, será subvencionable o custo de adquisición. Deberase xustificar na memoria do proxecto a vida útil do equipamento ou material.

Se o equipamento e material non se utiliza exclusivamente para o proxecto, por exceder a súa vida útil a duración deste, só serán subvencionables os custos de amortización que correspondan á duración do proxecto, calculados sobre a base das boas prácticas contables. Para que este custo sexa subvencionable, deberá detallarse na memoria do proxecto o procedemento de cálculo seguido para calcular os custos de amortización, tendo en conta o tempo concreto de imputación ao proxecto.

2. As novas licenzas e as renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para o proxecto e non de uso xeral.

3. Admitiranse gastos de *leasing*, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Deberá existir un compromiso oficial por escrito de adquisición do activo ao finalizar o contrato de *leasing*.

b) Soamente serán subvencionables os custos na medida e durante o período que se dediquen ao proxecto.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

c) As cotas de arrendamento subvencionables deberán ser constantes ou crecentes e comezar posteriormente á data de presentación da solicitude da subvención, podendo imputarse só as cotas pagadas dentro do período de xustificación de cada anualidade.

d) Non serán gastos subvencionables á marxe do arrendador os custos de refinanciamento dos xuros, os gastos xerais e os gastos de seguro.

Artigo 12. *Materiais, subministracións e produtos similares*

Poderanse imputar os gastos de materiais directamente destinados ás actividades de investigación. Os gastos de material de oficina e consumibles informáticos non se financiarán neste concepto.

Artigo 13. *Adquisición de patentes*

As patentes deberán ser adquiridas ou obtidas por licenza de fontes externas á entidade solicitante, coa condición de que a operación se realizase en condicións de plena competencia e sen elemento ningún de colusión.

Artigo 14. *Servizos tecnolóxicos externos*

1. Consideraranse servizos tecnolóxicos externos aquelas actividades distintas á investigación prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencias técnicas e servizos equivalentes. Se a actividade que se vai realizar forma parte da propia investigación, deberá ser considerada como subcontratación.

2. Os servizos tecnolóxicos externos deberán ser necesarios para o desenvolvemento das actividades do proxecto e estar debidamente xustificados na memoria técnica.

Artigo 15. *Adquisición de bens e contratación de servizos de determinadas contías*

Segundo o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación de servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

fornezan. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e entregarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Con todo, no caso de que o organismo de investigación beneficiario reúna os requisitos previstos no artigo 3.3.b) do texto refundido da Lei de contratos do sector público terá a consideración de poder adxudicador e, por tanto, deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no citado texto legal.

Artigo 16. *Subcontratacións*

1. Considérasense subcontratacións as actuacións contratadas a terceiros que supoñan a execución dunha parte da actividade investigadora que constitúe o obxecto da subvención. A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada na memoria técnica.

2. Os beneficiarios das axudas reguladas nesta resolución de convocatoria poderán subcontratar, como máximo, ata o 50 % do importe da actividade subvencionada.

3. Será obrigatoria a subscrición dun contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista, que poderá condicionarse a resultar beneficiario da subvención, e deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos: obxectivos do contrato, descrición das actividades, data inicio e duración total, identificación dos investigadores participantes, orzamento total e desagregación por anualidades, así como o acordo sobre a propiedade dos resultados. Este contrato deberá ser autorizado pola Axencia Galega de Innovación. En caso de aprobación do proxecto este contrato entenderase autorizado pola Axencia desde a data de inicio da súa execución sempre que esta sexa posterior á de entrega da solicitude do proxecto.

4. En ningún caso o beneficiario poderá subcontratar con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións que se recollen no artigo 10 da Lei 9/2007.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

d) Persoas ou entidades solicitantes da axuda na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

e) Persoas ou entidades en que concorran algunhas das circunstancias detalladas no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, sen prexuízo da excepción regulada no artigo 18 desta resolución en relación coas empresas vinculadas.

Artigo 17. *Informe do auditor*

O informe do auditor axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007 e, no caso dun proxecto en cooperación deberá ser realizado por un mesmo auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas. A súa designación corresponderá ao representante da agrupación.

O informe do auditor terá en conta as instrucións que se detallan no anexo VII, e comprobará a existencia da documentación e requisitos descritos no artigo 38 da presente convocatoria.

Naqueles casos en que o beneficiario estea obrigado a auditar as súas contas anuais por un auditor sometido ao texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, a revisión levaraa a cabo o mesmo auditor, ou outro, sempre que estea inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

O custo derivado do informe do auditor non poderá superar o 0,25 % dos custos directos que se inclúan no orzamento de cada anualidade.

Artigo 18. *Participación na agrupación de empresas vinculadas*

1. Se empresas vinculadas, de acordo coa definición que destas empresas se realiza no artigo 2 desta resolución e no artigo 43.2 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, participan como entidades subcontratadas, como provedores ou prestadores de servizos, ou dalgunha outra forma, a súa actividade non será subvencionable.

2. Excepcionalmente, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de empresas vinculadas a unha entidade beneficiaria, cando sexa imprescindible para a execución do proxecto, se acredite que se realiza de acordo coas condicións normais de mercado e se solicite auto-

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

rización previa á Axencia Galega de innovación. Entenderase autorizada en caso de concesión da axuda desde a data de inicio da súa execución sempre que esta sexa posterior á de entrega da solicitude do proxecto.

Artigo 19. *Gastos indirectos*

O custo subvencionable por este concepto será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe do 10 % aos custos directos de persoal subvencionables.

Artigo 20. *Solicitudes*

1. Entregarase unha solicitude por proxecto, sexa individual ou en cooperación, pero no caso en que unha mesma entidade solicite varios proxectos, co obxectivo de evitar a súa división artificial para eludir os limiares máximos de notificación recollidos no artigo 4.ii) e iii) do Regulamento (UE) 651/2014, estas solicitudes deberán entregarse de forma conxunta incluídas en único plan, aínda que cada proxecto se solicite de forma individual.

Unha vez recibidas todas as solicitudes, a Axencia Galega examinará aquelas propostas que soliciten unha axuda que supere os limiares de notificación, de forma individual ou incluídas nun plan, e poderá requirirlles a información complementaria detallada no anexo VI, así como as contas anuais completas (balance, conta de perdas e ganancias, memoria, informe de xestión e informe de auditoría, se procede) asinadas polos administradores e depositadas no Rexistro Mercantil, correspondentes aos dous últimos anos pechados, co obxectivo de poder avaliar a súa compatibilidade co Marco e, no caso de ser seleccionadas, preparar a súa notificación individual á Comisión Europea.

2. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións.

3. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.es, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.es/chave365).

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Ademais dos formularios normalizados, será necesario engadir á aplicación a memoria en formato PDF e presentar o resto de documentación necesaria.

4. De conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007 ou normativa que a substitúa, os interesados deberán entregar copias dixitalizadas dos documentos que se lles requiren. A persoa que asina a solicitude responsabilizarase e garantirá a fidelidade dos devanditos documentos co orixinal mediante o uso da súa sinatura electrónica.

Para incluír os documentos en formato electrónico, o solicitante deberá, previamente, dixitalizar os orixinais para obter arquivos en formato PDF. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica, supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica permitirase a presentación destes documentos de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto cos documentos que se presentan, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados, e deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo ou rexistro o cotexo do contido das copias dixitalizadas presentadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A presentación de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo ao cartafol do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou normativa que a substitúa.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Artigo 21. *Documentación da solicitude*

1. Xunto coa solicitude (anexo I), que no caso dos proxectos en cooperación deberá ser presentada pola empresa representante da agrupación, deberá presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia un exemplar da documentación que a continuación se relaciona distinguindo a documentación xurídico-administrativa e a documentación técnica.

2. Documentación xurídico-administrativa:

a) Solicitude debidamente asinada polo representante legal da entidade solicitante ou do representante da agrupación no caso de proxectos en cooperación (anexo I). En caso de poder mancomunado, autorización acompañada da/s copia/s do/dos DNI do/dos socio/s que dan a súa autorización.

O anexo I inclúe unha declaración responsable da relación de todas as axudas concorrentes solicitadas e concedidas; declaración da veracidade dos datos da solicitude e dos documentos que a acompañan, incluídos os datos relativos á conta bancaria en que se solicitará o pagamento e da que o solicitante debe ser titular; declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003 nin no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007; declaración de non estar suxeito a ningunha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da CE que declarase unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común así como declaración de que a solicitude da axuda é anterior ao comezo das actividades para as que se solicita.

b) Contratos de subcontratación con organismos de investigación e empresas.

c) Informe de vida laboral posterior á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes.

d) En caso de ter concedida algunha axuda, copia da resolución de concesión.

No caso de proxectos en cooperación, ademais da anterior:

e) Documento contractual de regulación da agrupación.

f) Autorización a favor do representante da agrupación segundo o anexo II.

g) Anexo III de cada empresa ou entidade da agrupación, en que se inclúe declaración responsable da relación de todas axudas concorrentes solicitadas e concedidas; declaración


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

da veracidade dos datos da solicitude e dos documentos que a acompañan, incluídos os datos relativos á conta bancaria en que se solicitará o pagamento e da que o solicitante debe ser titular; declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003 nin no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007; declaración de non estar suxeito a ningunha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da CE que declarase unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común así como declaración de que a solicitude da axuda é anterior ao comezo das actividades para as que se solicita.

• No caso de que o solicitante ou cada unha das entidades que forman a agrupación deneguen expresamente a autorización prevista no artigo 24.2 desta convocatoria, deberá achegar coa solicitude os certificados acreditativos, que deberán estar en vigor, de estar ao día nas seguintes obrigas: coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

• No caso de que o solicitante ou cada unha das entidades que forman a agrupación deneguen expresamente a verificación, deberán presentar copia do NIF en vigor.

• No caso de que o solicitante ou cada unha das entidades que forman a agrupación non autoricen a verificación da capacidade no rexistro mercantil, deberán presentar o poder de representación verificado a súa suficiencia polo letrado da Xunta de Galicia.

A consulta ao rexistro mercantil poderá facerse nos casos de administración única, administración solidaria ou mancomunada, ou mesmo o cargo de conselleiro delegado; para outros apoderados de entidades mercantís distintos dos anteriores, aínda que dispoñan de poderes xerais ou especiais inscritos nun rexistro mercantil, non poderá acreditarse a súa representación por esta vía dadas as características técnicas da consulta ao Rexistro Mercantil, e terá que achegarse o poder de representación verificado a súa suficiencia polo letrado da Xunta de Galicia.

• No caso de que o solicitante ou cada unha das entidades que forman a agrupación non autoricen a verificación de datos de identidade, deberán presentar copia do DNI da persoa representante legal.

• Tal e como se indica no artigo 20, no caso en que a axuda que se solicite para o proxecto (ou plan no caso de solicitar una mesma entidade varios proxectos) supere os limiares de notificación do artigo 4.ii) e iii) do Regulamento (UE) 651/2014 deberase entregar, cando a Axencia Galega de Innovación o requira, a seguinte documentación complementaria:

– Contas anuais completas (balance, conta de perdas e ganancias, memoria, informe de xestión e informe de auditoría, se procede) asinadas polos administradores e depositadas

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

no Rexistro Mercantil, correspondentes aos seus últimos anos pechados da empresa solicitante e no caso de proxectos en cooperación de cada unha das entidades que compoñen a agrupación.

– Calquera outra documentación de tipo administrativo que poida requirir a CE para a notificación da axuda individual.

3. Documentación técnica:

a) Memoria de proxecto segundo o índice que se inclúe como anexo V. Nesta memoria deberá incluírse a información detallada sobre o persoal dedicado ao proxecto: identificación do persoal propio da empresa, actividades que desenvolverá, porcentaxe de dedicación ao proxecto e motivación desta porcentaxe. Respecto do persoal de nova contratación, indicarase o seu perfil, a súa porcentaxe de dedicación e a motivación da porcentaxe, así como a duración do seu contrato. Respecto dos custos de equipamento, deberá xustificarse na memoria a vida útil do equipamento e material ou, se é o caso, o procedemento seguido para calcular os custos de amortización.

b) Currículos en formato libre de todos os membros do equipo humano asignado ao proxecto, incluíndo a certificación da súa titulación. (Nos proxectos en cooperación cada empresa/entidade presentará os seus).

No caso en que a axuda que se solicite para o proxecto (ou plan no caso de solicitar una mesma entidade varios proxectos) supere os limiares de notificación do artigo 4.ii) e iii) do Regulamento (UE) 651/2014 deberá entregarse, cando a Axencia Galega de Innovación o requira, a seguinte documentación:

– A información complementaria que se detalla no anexo VI ou calquera outra documentación de tipo técnico que poida requirir a CE para a notificación da axuda individual.

Artigo 22. *Información aos interesados*

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código indicado no artigo 1, poderase obter información adicional na Axencia Galega de Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.es), na súa epígrafe de axudas.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

b) No teléfono 981 95 73 03 do Departamento de Xestión de axudas da devandita Axencia.

c) No correo electrónico xestion.gain@xunta.gal

d) Persoalmente.

e) Na guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo: http://sede.xunta.es.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 23. *Prazo das solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes desta primeira convocatoria do programa Industrias do Futuro iníciase a partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 30 de agosto de 2016.

Artigo 24. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Con todo, a persoa solicitante ou o representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá achegar coa solicitude estas certificacións que deberán estar en vigor.

Con todo, aquelas entidades comprendidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia, poderán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Seguridade Social e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, despois de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

3. Coas solicitudes as persoas interesadas deberán presentar os documentos ou informacións previstos nesta convocatoria, salvo que xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou normativa que a substitúa, e no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á presentación da proposta de resolución.

4. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Axencia Galega de Innovación publicará na súa web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade, así como a publicidade dos datos recollidos no artigo 17 da citada Lei 1/2016 a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. Así mesmo, informarase aos beneficiarios de que a aceptación da axuda implica que pasarán a formar parte da lista de operacións, que será obxecto de publicación, onde figurarán os nomes dos beneficia-

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

rios, as operacións, a cantidade de fondos públicos asignada, así como toda a información necesaria segundo os artigos 9 e 11 do Regulamento 651/2014.

5. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Por tanto, os modelos de solicitude incluirán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos.

No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

6. Conforme o disposto no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos que debe efectuarse á Intervención Xeral do Estado para a súa inclusión na Base nacional de subvencións non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no artigo 21.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 25. *Datos de carácter persoal*

1. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Industria 4.0», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia Galega de Innovación. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Axencia Galega de Innovación, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: praza de Europa, nº 10 A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a xestion.gain@xunta.gal.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no citado rexistro, feito que terá lugar excepto nos supostos legalmente establecidos. Así mesmo, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto, dos

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

datos referidos á subvención referida. Todo isto de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

2. As propostas que resulten seleccionadas serán publicadas conforme os requisitos en materia de información e publicación incluídos nos artigos 9 e 11 do Regulamento 651/2014.

Artigo 26. *Publicación*

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b) e 60 da Lei 30/1992 ou normativa que a substitúa, os requirimentos de emenda e corrección de erros nas solicitudes, así como as notificacións das resolucións correspondentes, realizaranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Excepcionalmente, se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992 ou normativa que a substitúa, que se realizará a través do líder da agrupación no caso de proxectos en cooperación.

Artigo 27. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nesta convocatoria que non poderá ter unha duración superior a cinco meses. De acordo co artigo 42.5.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou normativa que a substitúa, o cómputo deste prazo quedará suspendido mentres a CE non se pronuncie e emita a súa decisión no caso en que sexa necesario notificar algunha axuda individual.

Artigo 28. *Órganos competentes*

A unidade competente en materia de xestión de axudas da Axencia Galega de Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle ao director da Axencia Galega de Innovación ditar a resolución de concesión.

Artigo 29. *Instrución do procedemento*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 ou normativa que a substitúa, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

nas bases reguladoras, ou non se acompaña da documentación exixida, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fai, se terá por desistido da súa solicitude, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 30/1992 ou normativa que a substitúa. Non se considerará emendable a falta de presentación ou a presentación fóra de prazo da solicitude de axuda e/ou da memoria.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse do solicitante que presente cantos documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. Desta forma, unha vez finalizada a fase de emenda inicial segundo o parágrafo anterior, a Axencia Galega examinará aquelas propostas que soliciten unha axuda que supere os limiares de notificación, de forma individual ou dentro dun plan, e poderá requirirlles información complementaria para poder avaliar a súa compatibilidade co Marco e, en caso de ser seleccionadas, preparar a súa notificación individual á UE. Tamén se lles poderá solicitar as contas anuais completas (balance, conta de perdas e ganancias, memoria, informe de xestión e informe de auditoría, se procede) asinadas polos administradores e depositadas no Rexistro Mercantil, correspondentes aos dous últimos anos pechados.

3. O instrutor exporá proposta de resolución de inadmisión daquelas solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta convocatoria, nas bases reguladoras ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, e indicará as causas.

4. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 30. *Criterios de valoración*

A valoración de cada proxecto que reúna os requisitos desta convocatoria, incluído ou non nun plan, realizarase sobre un total de 100 puntos que se outorgarán atendendo a aspectos científico-técnicos e económico-financeiros e á potencialidade para xerar valor económico coa explotación dos seus resultados segundo os criterios de valoración que se indican a continuación. En todos estes criterios teranse en conta como parámetros obxectivos de valoración a adecuación dos proxectos á Axenda de competitividade industrial 4.0, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 13 de maio ou ao Plan estratéxico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na sesión do 28 de xaneiro de 2016.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

1. Excelencia científico-técnica do proxecto: 30 puntos.

a) Calidade científico-técnica da proposta e grao de innovación (18 puntos).

i. Grao de innovación e novidade tendo en conta o actual estado da arte: valoraranse as novidades ou melloras substanciais nas tecnoloxías empregadas no proxecto respecto o seu estado actual da arte para mellorar a competitividade do sector industrial galego (6 puntos).

ii. Obxectivos do proxecto: valorarase a concreción e claridade da exposición da proposta (2 puntos).

iii. Medidas e accións previstas no proxecto que faciliten a adecuada implantación das tecnoloxías clave no novo modelo industrial sostido na competitividade e no coñecemento para mellorar os procesos e xerar novos ou mellorados produtos (industria 4.0). Valoraranse as tecnoloxías empregadas relacionadas coa mestura do mundo físico e o dixital, coas comunicacións e tratamento de datos, e coa intelixencia e xestión intraempresa ou interempresas (7 puntos).

iv. Capacidade que ten a implantación da tecnoloxía para resolver un problema de fabricación avanzada que ten a empresa, para mellorar os procesos na procura de avanzar na súa eficiencia e flexibilidade ou para mellorar produtos para a xeración de produtos novos ou con novas funcionalidades (3 puntos).

b) Viabilidade da proposta (12 puntos).

i. Valoración da metodoloxía. Compatibilidade e coherencia cos obxectivos do proxecto. Valorarase que as propostas integren no proxecto diferentes disciplinas, técnicas e/ou metodoloxías que axuden a mellorar o resultado final (4 puntos).

ii. Avaliación de puntos críticos e factores de risco. Valorarase a inclusión dun plan de continxencias onde se avalíen os puntos críticos e factores de risco do proxecto analizando as posibles alternativas (4 puntos).

iii. Planificación proposta para o desenvolvemento do proxecto. Plan de traballo e cronograma (4 puntos).

2. Calidade e eficiencia da implementación do proxecto: 30 puntos.

a) Capacidade técnica da empresa (5 puntos). Valorarase a capacidade e experiencia dos membros do equipo que participará no proxecto a través da experiencia e formación que se acredite nos seus CV (5 puntos).

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

b) Capacidade técnica dos organismos de investigación no caso de que se prevexan colaboracións efectivas cunha empresa ou empresas no marco dun proxecto en cooperación. Esta capacidade técnica valorarase a través da experiencia investigadora do organismo nas actividades que desenvolverá no proxecto tendo en conta os CV dos membros do equipo do organismo que participen no proxecto (10 puntos).

c) Estrutura organizativa do proxecto e mecanismo de xestión e seguimento. Valorarase a capacidade de adaptación ante posibles cambios que poidan producirse no desenvolvemento do proxecto (3 puntos).

d) Solvencia financeira da entidade/agrupación Para acreditar esta solvencia entregarase unha declaración relativa ao volume de negocio anual ou o seu patrimonio neto, ou ben o cociente entre activos e pasivos, no momento de peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigación de aprobación das contas anuais. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará as condicións de solvencia económica e financeira, excepto proba en contrario. Os organismos de investigación poderán acreditar esta solvencia a través doutras fórmulas similares que se adapten máis á súa xestión (3 puntos).

e) Xustificación da necesidade de adecuación das distintas partidas en que se distribúe o orzamento do proxecto (2 puntos).

f) Compromisos concretos de colaboración na difusión do proxecto (2 puntos).

g) Investimento do proxecto que induza unha forte capacidade de atracción dun gran investimento privado outorgándolle un punto por cada 10.000.000 euros de investimento propio, de calquera tipo, da empresa, ata un máximo de 5 puntos.

3. Impacto da explotación do proxecto desde tres perspectivas (40 puntos).

a) Impacto tecnolóxico (8 puntos).

i. Valorarase a maior flexibilidade e individualización dos procesos de fabricación, e a optimización dos procesos que acheguen maior valor engadido aumentado a produtividade e reducindo os custos operativos (4 puntos).

ii. Efecto de arrastre ou fervenza de transformación do tecido empresarial galego cara unha competitividade baseada na innovación (4 puntos).

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

b) Impacto social (20 puntos).

i. Repercusión económica prevista pola aplicación do resultado do proxecto (6 puntos).

ii. Maior previsión da capacidade de internacionalización como consecuencia de que o proxecto ten posibilidade de mellorar a competitividade das empresas e como consecuencia previse un incremento nas vendas (8 puntos).

iii. Creación de emprego de calidade (postos indefinidos, formación e plans de igualdade) (4 puntos).

iv. Implicacións ambientais positivas do proxecto (2 puntos).

c) Impacto do modelo empresarial de explotación (12 puntos).

i. Valorarase que o proxecto facilite a conectividade con outras empresas ou que afecte a varias actividades da cadea de valor empresarial na procura da súa integración efectiva (8 puntos).

ii. Impacto do proxecto no modelo de negocio da empresa e os seus procesos (2 puntos).

iii. Valorarase a integración entre clientes e socios de negocios (2 puntos).

Debido a que estes proxectos empresariais deberán ser de amplo alcance e estratéxicos a nivel europeo dentro do sector en que se formulen, o impacto da explotación do proxecto valorarase non só tendo en conta o seu impacto en Galicia senón tamén o seu impacto na economía europea.

Será requisito necesario para ser subvencionado conseguir un mínimo de 60 puntos.

Artigo 31. *Procedemento de avaliación*

Constituirase un comité técnico formado por un dos dous avaliadores científico-técnicos, o avaliador experto económico-financeiro e o xestor do proxecto que se analiza. Este comité técnico é o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes, coordinar e interpretar a información dos xestores, dos avaliadores expertos económico-financeiros e dos científico-técnicos e propoñerá unha proposta á comisión de selección. A comisión de selección elaborará unha proposta de resolución de axudas en función da información

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

elaborada polo comité técnico e elevaraa o director da Axencia Galega de Innovación para a súa resolución.

O procedemento de avaliación do proxecto levarase a cabo da seguinte maneira:

1. No caso de que existan varios proxectos dentro dun plan cada un deles avaliarase individualmente.

2. O comité técnico analizará as propostas presentadas e, unha vez que se comprobe que o proxecto cumpre coas exixencias establecidas na convocatoria, procederase a realizar a avaliación do proxecto.

3. De cada proxecto realizaranse dúas avaliacións realizadas por asesores científico-técnicos externos que estudarán a excelencia científico-técnica, a calidade e eficiencia da implementación do proxecto, e o impacto tecnolóxico e do modelo empresarial de explotación.

Os avaliadores deberán de acreditar mediante declaración xurada que non teñen conflitos de intereses coas empresas que se presenten, seralles de aplicación as causas de abstención e recusación previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 ou normativa que a substitúa e serán técnicos con solvencia técnica acreditada para desenvolver avaliacións no ámbito do I+d+i.

No caso de que a diferenza entre as puntuacións das avaliacións externas sexa inferior a 10 puntos, a nota final corresponderá á media aritmética das dúas avaliacións. De existir unha discrepancia de 10 puntos ou máis, entre as dúas avaliacións externas, o xestor técnico poderá corrixir a dita puntuación e esta quedará sempre comprendida entre as notas inferior ou superior outorgadas polos asesores científicos externos.

4. Os xestores técnicos da Axencia Galega de Innovación levarán a cabo a avaliación do impacto social do proxecto.

5. Os proxectos que superasen a puntuación mínima establecida no artigo 30 desta convocatoria seguirán no proceso de avaliación para a posterior elaboración da lista por orde de puntuación.

6. Os xestores técnicos da Axencia Galega de Innovación, con base nos informes externos e no seu propio coñecemento, propoñerán ao comité técnico o custo subvencionable do proxecto ou da participación de cada entidade no caso de proxectos en cooperación,

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

a cualificación de cada unha das propostas presentadas en investigación ou desenvolvemento e indicarán se existe colaboración efectiva co organismo de investigación e difusión de coñecemento.

7. O experto económico-financeiro externo revisará a información complementaria requirida aos proxectos que, por superar os limiares de notificación do Regulamento 651/2014, deberán ser notificados previamente á Comisión Europea, analizando o seu plan de negocio e os aspectos relativos ao mercado no que se desenvolvan. Así mesmo, realizará unha análise contrafáctica do proxecto (con ou sen axuda) e tamén, de ser o caso, do proxecto alternativo, determinado a contía máxima da axuda, tendo en conta a súa modalidade, que podería concederse de forma que non se produza ningún tipo de falseamento de competencia no mercado da Unión. Segundo a rendibilidade do proxecto e o seu mercado, analizará cal sería a axuda mínima necesaria determinando a intensidade global coa que podería apoiarse ao proxecto de forma compatible co Marco de axudas estatais de I+d+i.

No caso de que unha empresa presentase máis dun proxecto agrupado nun plan, o experto económico financeiro externo analizará os aspectos anteriores para cada un dos proxectos que o integran e tamén para o plan no seu conxunto.

8. Os xestores técnicos establecerán os prazos de avaliación e aclararán os criterios no caso de discrepancias que puidesen xurdir. No proceso de avaliación, a través do departamento de xestión de innovación, poderase requirir, con carácter xeral, información complementaria tanto da parte económica como da científica. Esta información será sempre para unha mellor e máis completa avaliación e será sempre aclaratoria e complementaria. Esta información non poderá modificar a proposta presentada.

No caso dos proxectos que superen os limiares de notificación do Regulamento 651/2014, poderase requirir a información necesaria para analizar en profundidade o efecto incentivador e a xustificación de que a localización do proxecto obedece exclusivamente a criterios técnicos.

Finalizado o proceso de avaliación, o comité técnico realizará un informe sobre a idoneidade da solicitude presentada tendo en conta os informes que considere.

Artigo 32. *Comisión de selección*

A comisión de selección será o órgano colexiado encargado de seleccionar as solicitudes en función da información elaborada polo comité técnico e emitirá un informe en que

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

se concrete o resultado da avaliación efectuada e a contía da axuda proposta. Este informe emitirase ao órgano instrutor para ditar a correspondente proposta de resolución. A comisión estará composta por:

a) O director/a da área de Xestión, ou persoa en quen delegue.

b) O director/a da área de Programas, ou persoa en quen delegue.

c) O xefe/a do departamento de Xestión de Axudas, ou persoa en quen delegue.

d) Un funcionario/a de GAIN que actuará como secretario.

Actuará como presidente da comisión de selección un director de área.

A comisión de selección elevará a proposta de resolución ao director da Axencia Galega de Innovación para a súa resolución.

Artigo 33. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan presentar alegacións cos documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Artigo 34. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución e o informe emitido pola comisión de selección ao director da Axencia Galega de Innovación para ditar a resolución de concesión, que deberá estar debidamente motivada.

Na proposta de resolución figurarán de forma individualizada as solicitudes propostas para obter a subvención, indicando cales delas foron notificadas de forma individual á CE por superar os limiares máximos de axuda recollidos no Regulamento 651/2014 detallando, nestes casos, o tipo de decisión emitida pola comisión segundo a súa avaliación de compatibilidade co mercado interior. Nesta proposta de resolución especificarase para cada proxecto, aínda que este estea incluído nun plan a avaliación que lles corresponde

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

segundo os criterios recollidos nestas bases reguladoras e indicarase, así mesmo, e de acordo ao artigo 21.2 do Decreto 11/2009, o importe de subvención total e por anualidade, detallando tamén o seu custo subvencionable. Esta desagregación por anualidade da subvención concedida adecuarase sempre á intensidade global que o proxecto podería recibir segundo o indicado no artigo 8 desta convocatoria, e non superará nunca, ademais, o importe considerado subvencionable para cada anualidade.

2. Á vista da proposta exposta e segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 9/2007, se non tivesen que ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o director da Axencia Galega de Innovación ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación, que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos:

a) O título do proxecto e a entidade beneficiaria da axuda.

b) O importe global da axuda e, no caso de proxectos en cooperación, a axuda aprobada para cada entidade e para o proxecto no seu conxunto.

c) En caso de solicitudes denegadas, a súa causa de denegación.

4. Tal e como se recolle no artigo 27 desta resolución, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* pero, de acordo ao artigo 42.5.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou normativa que a substituta, o cómputo deste prazo quedará suspendido mentres a CE non se pronuncie e emita a súa decisión nos casos en que sexa necesario notificar algunha axuda individual e tamén se esta podería condicionar a concesión doutro proxecto aínda que este non tivese que notificarse.

En virtude do mesmo artigo da Lei 30/1992 comunicarase aos interesados a realización desta notificación individual así como a súa resolución.

Se transcorre o prazo máximo para resolver sen ditarse resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. En todo caso, deberá notificarse a cada beneficiario un documento que estableza as condicións da axuda, no cal deberán figurar, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) De ser o caso, por superar a axuda os limiares máximos recollidos no Regulamento 651/2014, a Decisión da CE pola que se permite a concesión da axuda e, de ser esta condicional, as condicións que impón.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

b) Os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse coa axuda.

c) O plan financeiro e o calendario de execución, con indicación do método que debe aplicarse para determinar os custos de operación e as condicións para o pagamento da axuda.

d) Que a aceptación da axuda implica a aceptación dos requisitos de publicación e información incluídos nos artigos 9 e 11 do Regulamento (UE) nº 651/2014.

e) Obrigación de manter o sistema separado de contabilidade ou un código de contabilidade suficiente para todas as transaccións relacionadas coa operación.

f) Obrigación de conservar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de dez anos.

g) Establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso.

Artigo 35. *Modificación da resolución*

1. As actuacións subvencionadas deben executarse no tempo e forma que se determinen nas resolucións de concesión e débese obter autorización da Axencia Galega de Innovación para realizar cambios no proxecto.

2. Con todo, cando xurdan circunstancias concretas que alteren as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión polo órgano que concede.

3. Tamén se poderá acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario se cumpre os seguintes requisitos:

a) Que a modificación sexa autorizada expresamente polo órgano que concede.

b) Que a modificación non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, os seus aspectos fundamentais ou que fosen determinantes para a concesión da axuda, a determinación do beneficiario, nin dane dereitos de terceiros.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

c) Que as modificacións obedezan a causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude. Os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorrer na concesión inicial, non poderían supoñer a denegación da subvención, nin poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. Para os efectos de facilitar a xestión do orzamento adxudicado a cada proxecto, poderase solicitar unha redistribución das anualidades concedidas, cun límite do vinte por cento do custo concedido para cada anualidade, aumentando proporcionalmente o resto das anualidades orzadas. Esta redistribución deberá ser solicitada antes do 30 de xuño da primeira anualidade afectada.

5. Na solicitude de modificación expresaranse os motivos dos cambios que se propoñen e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.

6. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director da Axencia Galega de Innovación, tras a instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ao interesado. A autorización da modificación deberá realizarse de forma expresa e notificaráselle ao interesado.

Artigo 36. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao anexo IV desta orde, aos modelos publicados na web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.es) e por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O director da Axencia Galega de Innovación ditará a correspondente resolución nos termos dos artigos 42.1, 90 e 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 37. *Obrigacións dos beneficiarios*

1. Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daqueloutras específicas que se indican nesta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención e acreditalo ante o órgano que concede, así como o cumprimento dos requisitos, prazos e condicións esta-

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

blecidos nas normas reguladoras, na convocatoria e na resolución de concesión, no documento en que se establecen as condicións da axuda e na decisión, afirmativa ou condicional, da CE no caso de axudas que deban ser notificadas de forma individual.

b) Xustificar ante a Axencia Galega de Innovación, de acordo co previsto nestas bases da convocatoria e na normativa reguladora das subvencións, o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e dos gastos subvencionables e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión e o goce da subvención.

c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto dos casos previstos na Lei 9/2007.

d) Fornecer á Administración, tras requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigacións previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano que concede, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e presentar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Estas actuacións de control tamén incluirán as que a CE decida realizar no caso de axudas notificadas individualmente.

f) Comunicarlle ao órgano que concede a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Ter un establecemento permanente legalmente constituído en Galicia.

h) Solicitarlle á Axencia Galega de Innovación autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento dos proxectos aprobados. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable supoñerá a non admisión das cantidades desviadas.

i) Dar publicidade ás axudas recibidas nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación, incluída a subcontra-



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

tación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipamentos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con elas, mencionando expresamente a súa orixe e o financiamento da Axencia Galega de Innovación.

j) Realizar un evento de difusión ao comezo do proxecto para explicar os seus obxectivos e outro á súa finalización para expoñer os resultados non suxeitos a confidencialidade. Nos dous eventos poñerase de manifesto o apoio da Axencia Galega de Innovación ao proxecto.

k) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta resolución, e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de cinco anos.

l) Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens susceptibles de inscribirse nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens. No caso de bens inscritibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, e estes aspectos deben ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro do prazo indicado, debido á rápida evolución da tecnoloxía, sempre que a actividade económica se manteña en Galicia durante ese período.

m) Calquera outra obrigación imposta de maneira expresa aos beneficiarios na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións da axuda, así como na Decisión da CE no caso de axudas notificadas individualmente.

n) Achegar toda a documentación que se precise cando, polo orzamento total do proxecto, este fose notificado de forma individual á Comisión Europea.

ñ) No caso de organismos de investigación deberá contar cunha contabilidade separada de actividades económicas e non económicas e quedan obrigados a destinar a axuda recibida só a actividades non económicas.

o) Segundo o punto 2.2.2 punto 28 do Marco (2014/C 198/01), todo DPI (Dereito de propiedade intelectual e industrial) resultante dun proxecto en cooperación así como os dereitos de acceso, distribuiranse entre a empresa e o organismo de investigación, de forma adecuada en función das súas tarefas, contribucións e intereses respectivos ou o

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

organismo reciba unha compensación equivalente ao prezo de mercado dos DPI que se xeren e que se asignen á empresa ou aos que se lle asignen dereitos de acceso.

Artigo 38. *Xustificación da subvención*

A xustificación deberá facerse en formato papel utilizando os formularios normalizados dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.es). A entrega da documentación xustificativa de todos os socios deberá realizala o líder do proxecto. A xustificación económica materializarase a través da presentación do correspondente informe realizado por auditor.

2. Prazos de xustificación:

Períodos de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados:

Primeira anualidade: desde a data de presentación da solicitude ata o 31 de outubro de 2016.

Segunda anualidade: desde o 1 de novembro de 2016 ata o 31 de outubro de 2017.

Terceira anualidade: desde o 1 de novembro de 2017 ata o 31 de outubro de 2018.

Cuarta anualidade: desde o 1 de novembro de 2018 ata o 31 de outubro de 2019.

Quinta anualidade: desde o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro de 2020.

Prazos de presentación da documentación:

Primeira anualidade: ata o 31 de outubro de 2016.

Segunda anualidade: ata o 31 de outubro de 2017.

Terceira anualidade: ata o 31 de outubro de 2018.

Cuarta anualidade: ata o 31 de outubro de 2019.

Quinta anualidade: ata o 31 de outubro de 2020.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Estes prazos poderán axustarse en función da data en que se resolva a convocatoria ao poder estar esta condicionada á decisión ou decisións previas da comisión autorizando ou non as axudas para proxectos que superen os limiares máximos de notificación do Regulamento 651/2014.

3. Documentación xustificativa: debe presentarse a documentación económica xustificativa do custo das actividades e a documentación técnica.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa estarán dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación (http://gain.xunta.es) e é preciso presentar a documentación de forma ordenada seguindo a orde establecida nas instrucións.

Artigo 39. *Documentación xustificativa económica*

Conforme o artigo 17 a xustificación económica realizarase a través de informe de auditor. Este informe deberá axustarse ás instrucións incluídas no anexo VII, verificando a existencia da documentación que se detalla a continuación e revisando, ademais, o cumprimento dos requisitos que se exixen a cada tipoloxía de gasto:

A empresa deberá dispoñer dun resumo global de execución para a totalidade do proxecto en que conste:

a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas, utilizando o modelo do anexo VIII. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución.

b) Un resumo da execución do proxecto en que conste o concepto subvencionable, o provedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por tipoloxía de gasto.

c) De ser o caso, indicación por concepto subvencionable, das cantidades inicialmente orzadas e as súas desviacións de forma xustificada, seguindo o modelo do informe técnico dispoñible na páxina web da Axencia.

d) Documentación xustificativa do investimento: orixinal ou copia compulsada das facturas en relación cos gastos subvencionados.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

e) Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que conten co selo do banco. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente, o número e o importe total da factura satisfeito, así como o concepto a que se refiren. De non estar acreditado o pagamento íntegro mediante estes documentos, o gasto non será subvencionable en ningunha medida.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. En caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificados de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

f) Para a xustificación do custo de persoal destinado ao proxecto, deberá dispoñerse de:

1. Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do xerente ou director da empresa, que consistirá nunha relación detallada por traballador do persoal dedicado ao proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na empresa, grupo de cotización polo que está contratado, titulación, número de horas dedicadas ao proxecto. Nesta certificación deberá figurar a sinatura do traballador e do responsable do proxecto.

2. Informe de vida laboral referida a data de finalización do prazo de xustificación. No caso de persoal de nova contratación, deberá presentarse copia dos seus contratos.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

3. Follas mensuais coa totalidade das horas efectivamente dedicadas ao proxecto subvencionado asinadas por cada traballador/a e a persoa responsable da entidade. Estas follas acompañaranse dun resumo onde conste o número total de horas efectivamente dedicadas ao programa no período subvencionable (total de meses e de traballadores).

g) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, en caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público para un contrato menor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou fornezan, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección non recae na proposta económica máis vantaxosa, deberá xuntarse unha memoria xustificativa.

h) Declaración asinada polo representante legal, de cada membro da agrupación no caso de proxectos en cooperación en que se detalle o cadro de amortización de cada equipamento incluído no seu orzamento calculado sobre a base de boas prácticas contables, así como informe técnico sobre o período de amortización. En todo caso, esta documentación deberá acompañarse dos estados contables da empresa e dos correspondentes documentos xustificativos do gasto e pagamento da compra. A Axencia Galega de Innovación poderá comprobar a veracidade destes datos accedendo, en calquera momento, aos documentos contables da empresa.

i) En caso de aluguer ou *leasing* será necesario presentar o contrato, as facturas e os documentos de pagamento das cotas correspondentes ao período de execución do proxecto.

j) En caso de subcontratacións, deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Orixinal ou copia compulsada da factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario en que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán especificar o título do proxecto financiado.

2. Xustificantes de pagamento da factura da subcontratación.

3. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto.

k) No caso de axudas que, por superar os limiares de notificación fosen notificadas á Unión Europea, poderá requirirse tamén toda a documentación de tipo económico que sexa solicitada pola comisión.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

Artigo 40. *Documentación xustificativa técnica*

1. A documentación xustificativa técnica para o proxecto constará de:

a) Informe técnico normalizado segundo o modelo dispoñible na páxina web da Axencia Galega de Innovación.

b) Memoria libre sobre a evolución

Tanto o informe técnico como a memoria deberán presentarse acompañados dunha copia en formato pdf e en soporte electrónico (memoria USB).

c) No caso de axudas que, por superar os limiares de notificación fosen notificadas á Unión Europea, poderá requirirse tamén toda a documentación que sexa solicitada pola comisión.

2. Sen prexuízo da documentación anteriormente indicada, poderá requirirse do solicitante que anexe cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 41. *Pagamento*

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados e á conta das subvencións recollidas nesta resolución tras a entrega da correspondente garantía, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria.

2. Pagamentos anticipados:

A entidade solicitante deberá facer constar se opta por esta modalidade de pagamento na solicitude da subvención, e estarán condicionados á presentación dos xustificante de constitución das respectivas garantías polas cantidades anticipadas e ao cumprimento do resto de requisitos recolleitos para tal fin para os beneficiarios na Lei 9/2007.

A suma dos importes anticipados corresponderá ao 50 % do importe concedido para cada anualidade no caso de empresas e do 100 % no caso de organismos de investigación, pero o importe conxunto dos pagamentos anticipados non poderá superar o 80 % da subvención concedida nin a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Será necesaria, ademais, a presentación e comprobación da correcta xustificación da execución correspondente á anualidade do ano anterior ao anticipo e ao xustificante de constitución da garantía correspondente a esta nova cantidade anticipada.

CVE-DOG: a9nkzjf7-ftz4-zsk5-jj35-3i55hccsztb2

3. Pagamentos non anticipados: faranse efectivos, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto sen necesidade de entregar ningún tipo de garantías.

4. Antes de proceder ao pagamento final da subvención, a Axencia Galega de Innovación comprobará, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, a xustificación adecuada da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención. Será obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación a todos os membros da agrupación. Tras esta visita efectuarase unha avaliación do proxecto presentado e valorado na solicitude, e emitirase un informe en que se indique o grao de cumprimento e se foi:

a) Excelente.

b) Positivo.

c) Negativo se non se conseguen as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto inicial por un baixo desempeño ou deficiente organización. Neste caso, deberá cuantificarse a porcentaxe de incumprimento de cada entidade participante no caso de proxectos en cooperación.

Artigo 42. *Perda do dereito ao cobramento da subvención*

1. É causa de perda do dereito ao cobramento da subvención o incumprimento do beneficiario da súa obrigación de estar ao día das súas obrigacións coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

